

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; **despois, volve lelo amodiño**, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

## O alfabeto Braille

Os cegos len mediante o tacto: van pasando os dedos de esquerda á dereita sobre o escrito e interpretando os signos. Para iso, é imprescindible que o texto estea escrito cun alfabeto especial, inventado para eles por Louis Braille.

Louis Braille naceu en París en 1809. O rapaz acompañaba a miúdo o seu pai ao taller de coiro onde traballaba e, un día, cando tiña 3 anos, cravou por accidente un punzón no ollo. Como consecuencia, tivo unha infección que se lle trasladou tamén ao ollo san, e quedou totalmente cego.

Aos 13 anos conseguiu unha bolsa de estudos para ingresar no Instituto Nacional de Mozos Cegos, de París. Alí destacou enseguida como un alumno exemplar, esperto e cunha gran sensibilidade para a música. Un día, o director da escola pediulle que probase un sistema de escritura que fora inventado para comunicarse en silencio na guerra.

Braille modificou e perfeccionou o sistema. Combinando de diferentes maneiras seis puntos en relevo, o alfabeto permite representar letras, números, signos de puntuación, notas musicais, símbolos matemáticos, etc.

Así, grazas ao enxeño e á perseverancia daquel mozo, as persoas cegas poden hoxe ler, escribir, aprender, compoñer textos, etc.

1.- De que trata o texto? Elixé e marca cun X:

Fala de como teñen que facer as persoas cegas para ler.

Dun sistema de escritura.

Fala do alfabeto Braille e do seu inventor.

Relátanos a vida de Mark Braille.

2.- Como len os cegos?

Pasando os dedos sobre os signos de dereita a esquerda.

Pasando os dedos sobre os signos de esquerda a dereita.

Os cegos non poden ler.

3.- Por que se chama así ese alfabeto?

.....

4.- Onde e en que século naceu Louis Braille?

.....

5.- O rapaz xa era cego cando naceu?

.....

.....

6.- O sistema Braille está baseado noutro sistema de escritura. Para que servía?

.....

.....

7.- Como funciona o alfabeto Braille?

.....  
.....

8.- **Investiga un pouco máis.** No alfabeto Braille, cada letra, símbolo, etc. está representado por unha especie de ficha con seus puntos en relevo, pero combinados cada vez dunha maneira. Con axuda dun adulto, teclea nun buscador de imaxes (Google, por exemplo) a frase «alfabeto Braille». Despois, escribe o teu nome con ese alfabeto.

O teu nome: .....

O teu nome en Braille: .....

Procura , mesmamente, nas imaxes de google “alfabeto Braille” e descifra a seguinte mensaxe:



9.- Redacta, agora, unha breve biografía sobre o protagonista do texto.

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

10.- Separa o suxeito do predicado, coloreando o suxeito de azul e o predicado de vermello. Arrodeia, tamén, o núcleo de cada un.

Louis Braille naceu en París en 1809.

O rapaz acompañaba a miúdo o seu pai ao taller.

O alfabeto permite representar letras.

Van pasando os dedos de esquerda á dereita.

11.- Copia de novo as oracións anteriores clasificándoas en: con suxeito léxico e con suxeito gramatical.

.....

.....

.....

.....

12.- Reescribe as oracións anteriores convertindo as que teñen suxeito léxico en oracións con suxeito gramatical e viceversa.

Louis Braille naceu en París en 1809.

.....

O rapaz acompañaba a miúdo o seu pai ao taller.

.....

O alfabeto permite representar letras.

.....

Van pasando os dedos de esquerda á dereita.

.....

13.- Copia as cinco formas verbais suliñadas do texto e analízaas.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

14.- Acentúa.

Xoanciño non daba abasto. Andaba polo autobus intentando manter o persoal sentado, ata que de supeto mirou cara a doce Natalia e viu como as suas mans se dispoñían a premer o marabilloso e atraente boton vermello da porta de emerxencias. E así o fixo.

15.- Copia a 1ª e explica por qué se acentúan ou non esas palabras.